

TÍTULO: A chamada

XÉNERO: FANTASÍA, DRAMA, TERROR

Premisa

A familia de Nerea monta unha piscina na súa casa, na que non lle permiten nadar sen vixiancia, co paso dos días escoita cantos procedentes da piscina, que a levan cada día a achegarse máis ata que a levan ao mar.

Sinopse

A Nerea, a filla de dous traballadores do mar, ao acabar o colexio, ao comezar o verán, poñenlle unha piscina na casa, na que só lle deixan nadar cando está vixiada.

O seu pai é un mariñeiro de altura que en poucos días marcha faenar, o que preocupa á pequena. Para tranquilizar a Nerea, seu pai contalle lendas de sereas, que protexían os navíos de calquer peligro no mar e o que o uso da súa simboloxía no barco onde él pescaba protexería a súa tripulación. Días despois marcha faenar durante dous meses.

Un día escoita un canto que ven da piscina, movida pola curiosidade intenta descubrir de onde ven o canto, frenada polo respecto á auga inculcada pola súa educación mariñeira.

Despois de uns días ve a figura de unha muller. A pequena recorda as historias que lle contou seu pai e chega á conclusión de que si a serea a ven buscar a ela, seu pai e a súa tripulación quedarían sen protección. Nerea trata de comunicarse con ela.

A serea comeza a escoitarse cantar dende cada vez máis lonxe. A voz chamaa dende a praia, a onde Nerea se achega pola súa conta. Cando Nerea duda e se achega á auga, desaparece.